



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 6 de marzo de 2014

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 06/03/2014.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 06/03/2014.
- III. Presentación do Proceso de Certificación da implantación SGIC na ETSE de Minas.
- IV. Encargo de docencia (PDA) e POD do Máster en Enxeñaría de Minas, para o curso académico 2014-2015.
- V. Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrió, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 7 de febreiro de 2014.

Envíouse por correo electrónico.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 7 de febreiro de 2014.

Unha vez aprobada será posta na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro.

2. Informe do Director.

O Director informa

- Creouse un novo apartado de Prácticas en Empresas na web onde figuran agora enlaces relacionados, os datos de contacto do coordinador no centro, a normativa do centro, e un listado actualizado das empresas colaboradoras coa escola:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=462,0,0,1,0,0>

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=463,0,0,1,0,0>

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=464,0,0,1,0,0>

- A ETSE de Minas acolleu o 18 de febreiro 65 alumnos e alumnas de Secundaria e Bacharelato da provincia de Pontevedra que participaron na Fase Territorial da Olimpíada de Xeoloxía. A actividade foi coordinada no centro pola profesora Natalia Caparrini Marín e contou coa colaboración de investigadores dos grupos Xeotecnoloxías Aplicadas e Explotación de Minas. A Dirección agradece o traballo realizado.



- Investigadores do grupo de Xeotecnoloxías Aplicadas presentaron o 25 de febreiro na ETSE de Minas os resultados do seu proxecto Sitegi, un exemplo claro de transferencia de tecnoloxía e da confianza que o sector empresarial está a depositar nos investigadores da escola. Os resultados da correspondente rolda de prensa foron moi salientables nos medios. A Dirección agradece a iniciativa que visibiliza a escola na Sociedade.
- Os próximos días 10, 11, 12, 13, 14 e 15 de Marzo do 2014, vaise celebrar nos vestíbulos das ETSE de Minas e E.E. Industrial a 14 edición do "Foro Tecnolóxico de Emprego" coa participación de numerosas empresas. Dende a organización invítasevos a participar activamente nas conferencias e nas xornadas de stands. A Dirección agradece o traballo realizado.
- O 1 de abril celébranse eleccións a Reitor e ao Claustro universitario. A Dirección roga a participación da comunidade do centro.
- O Reitoría concedeu 800 horas de profesorado para a impartición do primeiro curso do Máster de Enxeñaría de Minas, considerando unha matrícula de 40 novos alumnos como figura na nosa Memoria. A Dirección agradece o apoio á implantación deste novo título.
- Na modificación do Regulamento de Estudos de Posgrao, aprobada no Consello de Goberno de 18 de decembro de 2013, entre outras cousas, dicía que é función da Comisión Académica do Máster (CAM) “elaborar o PDA/POD do máster no prazo especificado pola Universidade... A elección do persoal docente deberá cumprir cos criterios obxectivos que acorde a CAM”. A CAM do futuro Máster en Enxeñaría de Minas aprobou o pasado 27 de Febreiro a súa PDA e para o POD enviou aos Directores de Departamento correspondente o rogo de difundir entre o seu profesorado a oferta de impartición das diferentes materias. O profesorado interesado enviou á Coordinadora do Máster, a profesora Elena Alonso, a súa solicitude acompañada do curriculum solicitado. A Dirección agradece a dilixencia dos mencionados Directores para cumprir cos axustados prazos. A CAM en reunión do 5 de Marzo aprobou os criterios de selección e unha proposta de asignación ás materias que foi enviada con anterioridade a esta Xunta de Escola. Os currículos avaliáronse, como noutros ámbitos, segundo os seguintes criterios:
 - Ter impartido docencia en materias semellantes, un máximo de 25 puntos.
 - Ter investigación ou experiencia profesional relacionada coa materia, un máximo de 25 puntos.
 - Acreditación de calidade docente, seguindo o mesmo procedemento que o establecido pola ACSUG para a concesión do complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente (DOG do 15/11/2012), un máximo de 20 puntos.
 - Ter impartido outra docencia relacionada, un máximo de 15 puntos.
 - Ter o grao de Doutor, un máximo de 15 puntos.



Sendo candidatos seleccionables aqueles que acadan polo menos unha puntuación numérica de 50 puntos. A resolución foi enviada por correo electrónico con antelación a esta Xunta de Escola.

- Realizouse a xustificación do Proxecto FECYT do Ministerio de Economía e Competividade para a realización da Semana da Ciencia 2013. A resolución definitiva foi publicada no BOE o 20 de Decembro de 2013, catro días despois da finalización do prazo na UVigo para a tramitación de facturas, 16 de Decembro de 2013. A tramitación da derradeira factura de 4000€ do desenvolvemento da aplicación para tablets e móbiles tivo que ser incorporada ao presuposto do 2014.
- A Administradora do centro completou a sinalización de emerxencia do centro. Colocouse ao mesmo tempo unha fonte no vestíbulo da planta 0 da ETSE de Minas.
- A finais de abril a ETSE de Minas recibirá a visita dos auditores externos do Programa de certificación do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC). Membros da ETSE de Minas (Dirección, CGIC, coordinadores, ...) xa realizaron unha reunión de traballo e un breve taller básico de calidade cos técnicos da Área de Apoio á Docencia e Calidade da UVigo. A Área de Imaxe preparou cartelería para difundir a auditoría na comunidade do centro e na sociedade en xeral. Ata o de agora as tarefas de actualización do SGIC foron realizadas polo bolseiro de calidade do ano 2013 Marcos Bello. A Dirección agradece o traballo realizado. O seu traballo nos meses de Xaneiro e Febreiro foi gratificado cun importe similar a bolsa que recibía. O 3 de marzo incorporouse unha auxiliar administrativa que colaborará nas tarefas administrativas asociadas ao SGIC ata finais de abril. En breve tamén sairá a convocatoria de dúas bolsas de colaboración de calidade para o centro, a súa incorporación está prevista para principios de maio. A Dirección agradece o apoio da Reitoría ao proceso. A información actualizada do mesmo pode atoparse nos apartados FIDES-AUDIT da nosa web:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=409,456,0,0,1,0>

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=436,483,0,0,1,0>

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=454,501,0,0,1,0>

3. Certificación do SIGC da E.T.S.E. de Minas.

Preséntase o programa de certificación do SGIC da ETSE de Minas.

A presentación empregada enviarase por correo electrónico e pode verse no apartado FIDES-AUDIT da web do centro.

Así mesmo, dita presentación, achégase como Anexo III a esta acta.



4. Aprobación, se procede, dos coordinadores de Grao, Curso e Prácticas Externas, para o curso 2014-2015.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, nomear os seguintes coordinadores nos Graos, Cursos e Prácticas Externas:

GRAO EE	David Patiño Vilas
GRAO ERME	Carmen Pérez Pérez
PAT Graos + Máster	Ángeles Saavedra González
1º CURSO	Ángeles Saavedra González
2º CURSO	Rubén López Cancelos
3º e 4º CURSO EE	Pablo Eguía Oller
3º e 4º CURSO ERME	Fernando García Bastante
1º CURSO Master	Teresa Rivas Brea
Calidade Master	María Araujo Fernández
PRACTICAS EXTERNAS	Leandro Alejano Monje
DIFUSION	Marta Cabeza Simó
CALIDADE	Natalia Caparrini Marín

5. Aprobación, se procede, dos criterios aplicados para o reparto de recoñecementos de apoio á actividade docente dos Centros (POD curso 2014/2015).

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o seguinte reparto da bolsa do centro de 188 horas de recoñecementos de apoio á actividade docente dos Centros (POD curso 2014/2015), 149 horas no POD do curso 2013/2014:

Apelidos e nome	Concepto do recoñecemento	TOTAL
Saavedra Gonzalez, Ángeles	Coordinación 1º + PAT	34,4
Garcia Bastante, Fernando	Coordinación 3º e 4º ERME	20,0
Eguía Oller, Pablo	Coordinación 3º e 4º EE	20,0
Rivas Brea, Teresa	Coordinación 1º Máster	20,0
Alejano Monje, Leandro	Coordinador PE	20,0
Araujo Fernandez, María	Calidade Máster	30,0
Caparrini Marín, Natalia	Coordinación Calidade	39,9

A Dirección agradece aos profesores Rubén López e Marta Cabeza a cesión do seu recoñecemento, que a Dirección tiña pensado para eles, ao resto dos coordinadores/colaboradores.



6. Ratificación, se procede, do encargo de docencia (PDA) e POD do Master en Enxeñaría de Minas, para o curso académico 2014-2015.

Con anterioridade a esta Xunta de Escola enviouse por correo electrónico o acordo da CAM do Máster en Enxeñaría de Minas. A Xunta de Escola ratifica, por asentimento, o encargo de docencia (PDA) e POD do Master en Enxeñaría de Minas, para o curso académico 2014-2015 que foi aprobada pola CAM de dito Máster.

Achégase dito documento como Anexo IV a esta acta.

Calquera modificación puntual será xa aprobada pola CAM.

7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

A Comisión de Garantía Interna de Calidade na súa reunión do 5 de marzo acordou substituír ao profesor Don Pedro Arias Sánchez (Representante do PDI. Máster TPA) pola profesora Dona Elena Alonso Prieto (Representante do PDI. Máster en Enxeñaría de Minas). A Xunta de Escola aproba dito cambio.

A Comisión de Garantía Interna de Calidade tamén aprobou os seguintes documentos que foron enviados con antelación aos membros da Xunta de Escola:

- Axenda Básica CGIC 13-14
- IT06-PC06 Informe Coordinación Docente Centro 12-13 (CGC 05-03-14)
- PC05 Informe Anual PAT 12-13

A Xunta de Escola acorda aprobar ditos documentos, que se achegan como Anexo V a esta acta.

8. Rogos e preguntas.

A alumna Dona Rosalia Carrillo solicita que se faga unha enquisa aos alumnos de 4º curso dos graos para coñecer a opinión deles sobre a planificación de horarios e calendario de exames deste curso académico, de cara á planificación do curso 14-15. Acórdase que desde a Dirección se organice dita enquisa.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a seis de marzo de dous mil catorce.

Vº e Prace

O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrió

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 06/03/2014



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 06/03/2014



Asistentes Xunta de Escola ordinaria 06/03/2014

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrió
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Alonso Prieto, Elena
5.	Álvarez Vázquez, Lino José
6.	Álvarez Zaragoza, María Luisa
7.	Araújo Fernández, María
8.	Cabeza Simó, Marta
9.	Eguía Oller, Pablo
10.	García Bastante, Fernando
11.	González Rodríguez, Elena
12.	Granada Álvarez, Enrique
13.	Liz Marzán, Eduardo
14.	López-Cancelos Ribadas, Rubén
15.	Mandado Vázquez, Alfonso M.
16.	Patíño Vilas, David
17.	Pérez Pérez, Mª Carmen
18.	Rivas Brea, Teresa
19.	Saavedra González, Ángeles
20.	Taboada Castro, Javier
21.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Alfonso Molares, Alberto
2.	Alonso Sanmartín, Uxía
3.	Búa Fernández, Sergio
4.	Carrillo Pérez, Rosalía
5.	Casal Echevarría, Alexandre
6.	García Iglesias, Jaime
7.	González Méndez, Patricia
8.	Graña Molina, Rodrigo
9.	Iglesias Alonso, Laura
10.	Iglesias Justo, Xeila
11.	Lema Costa, Nerea
12.	López Echevarría Isabel
13.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
14.	Rodríguez Hermida, Carolina
15.	Rodríguez López, Álvaro
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, Mª del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	52
Asistentes	37



ANEXO III

Presentación do Proceso de Certificación da implantación SGIC na ETSE de Minas.



ANEXO IV

**Encargo de docencia (PDA) e POD do Máster en Enxeñaría de Minas,
para o curso académico 2014-2015.**



ANEXO V
Documentación relativa ao Plan de Calidade
da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.